

COPIAS DE SEGURIDADE

DE CURSOS

Os cursos das AV non se borran dun ano para outro pero como cada curso o responsable da mesma ten que tomar decisións, é posible que o noso curso desapareza. O mellor é facer unha copia de seguridade para poder restauralo no caso de que se borre accidentalmente, ou cometa moitos erros e remate antes repoñendo a copia de seguridade que borrando todo o que puxen mal.

En EDIXGAL, sí que os cursos se borran así que é imprescindible facer a copia cada ano.

A nosa copia do curso/s queda no noso perfil da Aula Virtual así que non é necesario descargala pero se cambiamos a outro centro (e por tanto de Aula Virtual) sí que temos que descargar a nosa copia e subila ao novo centro.

CONSELLO: Descargade a copia sempre

No menú de configuración do curso (na parte esquerda da pantalla ou na roda dentada da parte superior esquerda segundo a versión de visualización da nosa AV) temos **COPIA DE SEGURANZA**.

De serie xa nos gardará todo o importante, tanto do curso como dos usuarios matriculados, se queremos especificar algo (só queremos unhas partes do curso ou non queremos os alumnos, ou non queremos o banco de preguntas...) teremos que ir marcando e desmarcando as opcións que nos amosa... Ao rematar, fainos un pequeno resumo do que seleccionamos, por si acaso, e xa nos aparece o botón **FACER COPIA DE SEGURANZA**.

O tempo que tarde dependerá da cantidade de cousas que meteramos no curso, un link non pesa nada, se subimos presentacións “pesadas” ou vídeos e esa serie de cousas, ocupará máis espacio e tardará máis.

Para volver a usar a nosa copia, teremos que crear un curso novo (ou usar un que xa teñamos) e ir, no mesmo menú xeral de antes a **RESTAURAR**.

Poderemos eliminar todo o que esté nese curso (se é novo xa estará baleiro) ou fusionar ambos cursos, é importante que fagamos que non coincidan os temas para que non se misturen, por exemplo, se o noso curso que importamos ten 10 temas e queremos conservar os 5 temas que están no curso que xa temos a medio facer, meteremos no curso que xa está na AV dez temas en branco e así os 5 que xa están serán os 11, 12, 13, 14, 15 (por exemplo) e ao fusionarse teremos todo ben colocado e ordenado.

Panel de control / Os meus cursos / EnsinoMixto / Copia de seguranza

Copia de seguranza do curso: EnsinoMixto

Panel de control / Os meus cursos / EnsinoMixto / Copia de seguranza

1. Configuración inicial ► 2. Configuración do esquema ► 3. Confirmación e revisión ► 4. Facer a copia de seguranza ► 5. Completa

Configuración da copia de seguranza

- IMS Common Cartridge 1.1
- Incluir os usuarios matriculados
- Anonimizar a información dos usuarios
- Incluir as asignacións de rol de usuario
- Incluir as actividades e recursos
- Incluir os bloques
- Incluir os filtros
- Incluir os comentarios
- Incluir as distincións
- Incluir as actividades do calendario
- Incluir detalles do grado de avance do usuario
- Incluir os rexistros do curso
- Incluir o historial de cualificacións
- Incluir o banco de preguntas
- Incluir os grupos e agrupamentos
- Incluir competencias

Saltar ao último paso Cancelar Seguinte

1. Configuración inicial ► 2. Configuración do esquema ► 3. Confirmación e revisión ► 4. Facer a copia de seguranza ► 5. Completa

Creouse satisfactoriamente o ficheiro de copia de seguranza.

Continuar

Ao rematar, saíranos unha pantalla coma esta:

Restaurar curso

Panel de control / Os meus cursos / EnsinoMixto / Restaurar

Importar un ficheiro de copia de seguranza

Ficheiros

Escolle un ficheiro...

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Restaurar

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con

Área da copia de seguranza de curso

Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
copia_de_seguranza-moodle2-course-331-ensinomixto-18102020-2017.mbz	Domingo, 18 de Outubro de 2020, 20:17	4.4MB	Descargar	Restaurar

Xestionar os ficheiros de copia de seguranza

Área da copia de seguranza privada de usuario

Nome de ficheiro	Hora	Tamaño	Descargar	Restaurar
------------------	------	--------	-----------	-----------

É a mesma na que teremos que restaurar o curso; vemos AREA DA COPIA DE SEGURANZA DO CURSO, na que teremos as nosas copias de seguridade dese curso e vemos, abaixo, AREA DA COPIA DE SEGURANZA PRIVADA DE USUARIO na que estarán todas as demais copias de seguridade doutros cursos que teñamos nesa Aula Virtual.

Onde pon DESCARGAR é onde fainos unha copia no noso ordenador para que a gardemos por si acaso.

DE PREGUNTAS

No menú do banco de preguntas tamén hai un Importar e Exportar, o proceso é o mesmo que cos cursos, o único que é importante é sacar o arquivo en **formato XML e UTF-8** para que sexa perfectamente lexible, ese arquivo podese meter noutra AV ou noutro curso doutro compañeiro e así compartir o traballo de creación de preguntas.

DE GLOSARIOS

Creamos un glosario en branco para meter as entradas, as metemos unha a unha. Ao rematar, no menú do glosario (roda da parte superior dereita ou menú lateral da esquerda) temos IMPORTAR e EXPORTAR.

Se xa temos creado o noso glosario, teremos que Importalo, dicimoslle si queremos que se sume ao glosario que temos aberto ou queremos que sexa un novo para que non se misturen (se facemos tema a tema os glosarios, por exemplo; moi práctico para facer xogos e actividades concretas)